

# PLAN DE ACOLLIDA



CENTRO:

ESCOLA PLURINFANTIL  
O GRUPO

CURSO:

2020/2021

DATA: 03/09/2020

MARÍN



## ÍNDICE

1. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.	px. 3
2. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.	px. 11
3. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.	px. 14
4. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN	px. 15

Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicianos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborará un Programa de acollida que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:





## 1. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Seguindo o Plan de Adaptación ao COVID 19 da EEI O GRUPO, achégase a seguinte organización e instrucións para a Comunidade Educativa.

### Entradas-saídas e fluxos de movementos:

#### ENTRADAS

O centro non ten alumnado transportado.

Recoméndase ás familias que non estean con moita antelación na entrada para evitar coincidir entre elas. Poderán estar polas beirarrúas próximas e achegarse no momento da entrada, seguindo as frechas verdes de acceso ao centro que van preto á parede do edificio, e volver seguindo as frechas vermellas pegadas á varanda, tentando manter entre elas unha distancia de máis de 1,5 metros e levando máscara no caso dos acompañantes.

As entradas ao centro seguirán este procedemento:

a) O alumnado de 3 anos entrará ás 09:00 pola porta vermella. As familias que decidan esperar no recinto farano no terzo marcado fronte á súa entrada, debendo gardar a distancia de seguridade. Cando soe o sinal de entrada, a titora abrirá a porta e o alumnado de 3 anos entrará sen acompañante coa titora, a cal, unha vez teña dentro o alumnado presente á hora da entrada, entrará con el á súa aula.

Durante o período de adaptación, o alumnado de 3 anos entrará ás 09:15 horas, para non coincidir co resto, e a persoa acompañante poderá entrar ata a porta da aula se o alumno/a o precisa, tras facer uso do xel hidroalcohólico e provisto da máscara, ata o momento que a titora o considere. Fóra deste período, agás algún caso no que sexa preciso porque o alumnado non quere entrar, o alumnado entrará so.

As familias con irmáns de varios niveis poderán entrar durante este período con ambos irmáns ben ás 09:00 horas co irmán maior ou ben os dous ás 09:15 horas co irmán de 3 anos.

b) O alumnado de 4 anos entrará ás 09:00 pola porta azul. As familias que decidan esperar no recinto farano no terzo marcado fronte á súa entrada, debendo gardar a distancia de seguridade. Cando soe o sinal de entrada, a titora abrirá a porta e o alumnado de 4 anos entrará sen acompañante coa titora, a cal, unha vez teña dentro o alumnado presente á hora da entrada, entrará con el á súa aula.

c) O alumnado de 5 anos entrará ás 09:00 pola porta verde. As familias que decidan esperar no recinto farano no terzo marcado fronte á súa entrada, debendo gardar a distancia de seguridade. Cando soe o sinal de entrada, a titora abrirá a porta e o alumnado de 5 anos entrará sen acompañante coa titora, a cal, unha vez teña dentro o alumnado presente á hora da entrada, entrará con el á súa aula.





Unha vez entre o alumnado presente de cada nivel á aula nos primeiros minutos, pecharase a porta verde. O conserxe permanecerá na porta vermella, por onde entrará o resto do alumnado de 3 anos ata as 09:15. A mestra de inglés permanecerá na porta azul ata ás 09.15 horas, por onde entrará o alumnado de 4 e 5 anos que chegue ata esa hora.

O alumnado que chegue máis tarde das 09:15 horas entrará pola porta azul tras tocar o timbre e xustificar o retraso.

#### FLUXO DE MOVEMENTOS DURANTE A XORNADA ESCOLAR

As portas de entrada e saída no período lectivo serán as determinadas no punto anterior para cada nivel.

A circulación no centro educativo será co alumnado pegado á parede das clases para ir aos baños, ás aulas e ao comedor, e a volta será pegados á parede exterior dos corredores. Sinalizarase o chan con frechas verdes de ida e vermellas de volta.

As escaleiras só poderán ser utilizadas por un grupo mentres se sube ou baixa, para permitir que o alumnado empregue o pasamán por seguridade. Os adultos de xeito individual subirán pola súa dereita e bajarán pola súa dereita.

No acceso ao centro sinalizarase na no enreixado de entrada as zonas de cada nivel e pegaranse á mesma e á parede do centro carteis con frechas vermellas de volta e verdes de ida respectivamente.

O alumnado de 3 anos baixará e subirá ao ximnasio pola porta da súa aula. O resto do alumnado farano pola aula de inglés.

#### SAÍDA

As saídas do alumnado do centro realizaranse do seguinte xeito:

a) O alumnado de 3 anos saíra do centro ás 13:45 horas pola porta vermella. A titora irá entregando cada neno segundo estea un acompañante para recollelo. A mestra de apoio estará na aula co resto do alumnado de 3 anos que vaia ao comedor. As familias gardarán fóra a distancia social e levarán máscaras.

b) O alumnado de 4 anos sairá ás 14:00 horas pola porta vermella. A mestra de inglés quedará na clase co alumnado que vaia ao comedor. As familias gardarán fóra a distancia social e levarán máscaras.

c) b) O alumnado de 5 anos sairá ás 14:00 horas pola porta do ximnasio. Para iso, bajarán uns minutos antes pola aula de inglés ata o ximnasio, onde poderán permanecer ata que soe o timbre e no caso do retraso dalgunha familia. O alumnado do comedor irá ao mesmo previamente. As familias gardarán fóra a distancia social e levarán máscaras.



O alumnado con saída anticipada ás 13:40 por ter irmáns noutro centro sairá puntualmente pola porta azul. As familias deberán estar no espazo reservado fronte a esta á hora exacta.

**Agrupacións:**

Cada aula forma un Grupo de Convivencia Estable cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersoal de forma estrita. Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos, o que non faría necesario gardar a distancia interpersoal de 1 metro en aula.

	<b>AULA</b>	<b>TITORA</b>	<b>ESPECIALISTAS</b>
<b>4º EI</b>	4º EI	Lorena Vilas	Pilar Crespo Miguel Á. Jimeno Juan M. Fernández Luz Divina García Auxiliar de Conversa
<b>5º EI</b>	5º EI	Luz Chiarroni	Pilar Crespo Miguel Á. Jimeno Juan M. Fernández Luz Divina García Auxiliar de Conversa
<b>6º EI</b>	5º EI	Tatiana Andión	Pilar Crespo Miguel Á. Jimeno Juan M. Fernández Luz Divina García Auxiliar de Conversa

O profesorado levará máscara en todo momento. Porén, o profesorado especialista, e as titoras nalgunha actividade concreta sempre que manteñan a distancia social, (fonética en lingua estranxeira, cantos) poderán substituíla por pantalla de protección. O profesorado de AL deberá levala nas súas clases.

O alumnado deberá levar máscara mentres espera para entrar ao centro e ata que estea na súa aula, no momento da saída do centro e no recreo. O profesorado pedirá poñela na aula cando non poidan manter unha distancia suficiente (assemblea,...).

O alumnado levará un saquiño de tela para meter a máscara cando non faga uso dela.

O resto de visitantes, sexan familias ou non, deberán levar máscara en calquera caso dentro do recinto escolar.







É obriga de cada traballador/a do centro, a adquisición da súa máscara de protección. En calquera caso, o centro contará cun número de máscaras para atender casos excepcionais de alumnado ou persoal que poidan esquecer ou estragar a súa máscara ou a necesiten no espazo de aillamento.

Os grupos estables de convivencia terán como único espazo para as actividades lectivas a aula asignada, con excepción das horas de psicomotricidade, na relixión , Inglés ou AL, que deberán ser desinfectadas e ventiladas durante 15 minutos polo persoa da limpeza, conserxe ou profesorado responsable do grupo antes de que sexa usada por outros alumnos/as.

A merenda da mañá tomarase dentro da aula antes de baixar ao patio: as titoras encargaranse da limpeza de mans do seu grupo antes da mesma, apoiadas polas mestras de apoio e inglés.

Cada alumno/a terá a súa botella/bote con auga que traerán cada día da casa na mochila. En ningún momento compartirán botellas, vasos, cubertos, etc.

Estes grupos estables de convivencia sentaranse na mesma mesa no comedor mantendo a distancia co resto dos grupos. Non poderán estar en ningún momento noutra mesa que non sexa a que lles corresponde. Os grupos colaborativos manteranse no resto de áreas e actividades tanto como sexa posible.

Os grupos estables de convivencia estarán separados a 1,5 metros no patio de recreo e no comedor.

#### Titorías coas familias:

As titorías individuais poderán facerse de xeito presencial se titora e familia así o deciden, o que obrigará ao uso de máscaras por todas as partes e a respectar a distancia interpersonal. Cada participante desinfectará a súa cadeira e mesa tras finalizar a xuntanza, e a aula empregada deberá ventilarse durante 5 minutos antes de ser usada por outra persoa.

Se as partes prefiren a titoría a distancia, empregarán o medio que decidan: chamada telefónica ou videoconferencia.

#### Convocatoria e reunións de Claustro, Ciclo, Consello Escolar e xuntanzas da ANPA:

As xuntanzas de ciclo e Claustro terán lugar na biblioteca ou, no seu defecto, na aula de AL. De facer outro tipo de xuntanzas (TIC'S, Biblioteca, convivencia, ...) faranse igualmente nestes lugares.





O Consello Escolar, por estar composto por seis membros, poderá reunirse de modo presencial na biblioteca do centro, empregando máscara, distancia social e a ventilación e limpeza axeitada de cadeiras e mesas. No caso de non ser recomendable a reunión presencial farase por vía telemática.

Durante as reunións todos os membros levarán máscara e haberá xel hixienizante dispoñible.

As xuntanzas da ANPA realizaranse no patio do centro ou, de non permitilo as condicións atmosféricas, no ximnasio do centro, neste caso co límite do aforo para respectar a distancia social. De ser preciso facer máis dunha xuntanza porque non pode participar todo o mundo, realizaranse as que fosen necesarias. No caso de ser consecutivas, previamente os pais e nais que salgan deben hixienizar e ventilar o espazo antes da seguinte xuntanza.

No caso de non haber ensino presencial, as reunións realizaranse de forma telemática, polo que a principio de curso todo o profesorado terá que comprobar o funcionamento da plataforma WEBEX nos seus equipos e pedir asesoramento e formación se é necesario.

As reunións do Departamento de Orientación realizaranse na aula de AL.

Todas as convocatorias de reunións serán remitidas por medios electrónicos, do mesmo modo se enviará a documentación necesaria para o desenvolvemento da reunión (documentos a aprobar), polo que todo o profesorado ten a obriga de facer revisión diaria do seu correo electrónico corporativo.

#### Uso de máscara no centro:

O profesorado levará máscara en todo momento. Porén, o profesorado especialista, e as titoras nalgunha actividade concreta sempre que manteñan a distancia social, (fonética en lingua estranxeira, cantos) poderán substituíla por pantalla de protección. O profesorado de AL deberá levala nas súas clases.

O alumnado deberá levar máscara mentres espera para entrar ao centro e ata que estea na súa aula, no momento da saída do centro e no recreo. O profesorado pedira poñela na aula cando non poidan manter unha distancia suficiente (assemblea, ...).

O alumnado levará un saquiño de tela para meter a máscara cando non faga uso dela.

O resto de visitantes, sexan familias ou non, deberán levar máscara en calquera caso dentro do recinto escolar.

#### Normas para a realización de eventos:

Reduciranse os eventos, limitando o acceso ás persoas alleas a profesorado e alumnado e sempre que a situación meteorolóxica o permita, serán espazos abertos ou no espazo de maior amplitude do que se dispoña: ximnasio.



En función da situación sanitaria poderá celebrarse o Festival de Fin de Curso. Usarase se é necesario o Polideportivo do IES Illa de Tambo para o último caso, e garantírase que a distancia entre os asistentes sexa polo menos de un metro e medio.

En todo caso, calquera realización de eventos debe cumprir cos seguintes requisitos:

- Manter a distancia de 1,5 metros entre grupos burbulla.
- Desinfección das mans para o acceso ao evento.
- Desinfección de cadeiras que se usarán durante o evento.
- Uso de máscaras de haber adultos.
- Evitarase o uso de micrófonos e, de ser preciso usalos, desinfectaranse antes e despois de que o use cada persoa.
- No caso de que se use un equipo musical será manexado por unha única persoa.
- Evitaranse actuacións nas que teñan que intervir grupos estables mesturados con outros grupos diferentes se non se poden manter as distancias de seguridade.

#### Normas para o uso das aulas:

O alumnado dos grupos estables de convivencia realizarán a hixiene de mans unha vez que cheguen á aula, sen prexuízo das rutinas que as titoras farán recordando as medidas hixiénicas básicas que o alumnado debe seguir.

O alumnado lavará as mans polo menos cinco veces ao día, (entre auga e xabón e xel hidroalcohólico), das cales son obrigatorias á entrada ao centro, á saída, antes e despois da merenda e ao volver do recreo. As entradas e saídas a unha nova aula levarán consigo unha hixiene de mans.

Evitaranse os peluches e bonecos realizados de material téxtil que sexa difícil de hixienizar. Cada alumno/a empregará o seu propio material que gardará nun estoxo individual de forma diferenciada. Poderá ser deixado na aula pero nun espazo diferenciado do resto de compañeiros/as. Tamén poderá deixar o material co que estea traballando.

Nos grupos que se faga uso do encerado cada alumno/a contará entre o seu material individual con xiz propio e desinfectarase o rotulador.

Cada alumno/a terá unha percha individual.

O alumnado realizará lavado de mans antes da merenda, coa supervisión da mestra. Cada alumno/a terá a súa botella/bote con auga que traerán cada día da casa na mochila. En ningún momento compartirán botellas, vasos, cubertos, ...







As ventás, ordenador, mando do proxector, ..., de cada aula deberá ser manipulado exclusivamente polo profesorado para diminuír riscos de contaxio.

No caso das aulas que son usadas por máis dun grupo, o persoal de limpeza ou no seu defecto a mestra da especialidade deberá desinfectar (con desinfectante e pano desbotable) a mesa e a cadeira que usaron antes de abandonar a aula. Ademais a aula será ventilada durante 5 minutos.

Na aula de TIC a docente desinfectará a mesa do profesor e o equipo informático á antes e despois do seu uso, e procurará facer uso do seu propio material para o traballo na aula evitando compartir bolígrafos, xiz, etc. O profesorado deberá facer tamén a hixiene de mans ao entrar na aula.

Cando o alumnado faga uso dun aula ou espazo deberá desinfectar as mans á entrada e saída da mesma. Nos espazos usados por varios grupos o material de uso común debe desinfectarse antes e despois.

O profesorado debe realizar a hixiene de mans e desinfección de cadeira e material común na sala de profesores así como manter a distancia de seguridade.

#### Aforos:

A limitación de aforo para os baños será de cinco usuarios se son do GEC. As titoras controlarán que só sae un alumno da aula e vai ao seu baño correspondente.

No caso da biblioteca o aforo será de 10 para os adultos, na sala de profesores e profesoras 3, en dirección e titoría 2 persoas.

#### Uso da biblioteca:

O alumnado acudirá acompañado por un profesor/a para facer uso do sistema de préstamo. O préstamo de libros farase do xeito habitual os venres pero ao ser devolto permanecerá ata o luns en caixas illadas e identificadas antes de volver aos andeis.

Evitarase usar a biblioteca como lugar de traballo e no caso de que sexa necesario estarán sinalizados os postos que poden ser ocupados para manter a distancia de seguridade.

Antes de entrar hixienizarán as mans e na saída farán desinfección dos postos que ocupasen, de ser o caso, e hixiene de mans novamente.





### Aseos:

O alumnado de 3 anos empregará o aseo máis próximo á súa aula. O de 4 e 5 irá ao aseo situado xunto ao comedor. Marcarase no wc o nivel ao que corresponde neste caso e no ximnasio. Durante o tempo de clase procurarse que so haxa un alumno/a no mesmo. No caso do baño compartido das aulas de 4 e 5 anos, non poderá haber dentro do baño nenos de diferentes aulas. De ser imprescindible, deberán levar máscara.

No momento de lavar as mans, as titoras controlarán o aforo e desenvolvemento desa actividade.

Cando o alumnado faga uso del, o profesorado prestará especial atención a guiar unha correcta hixiene de mans tras o seu uso. No baño do piso superior so poderá haber un alumno/a.

O profesorado e persoal non docente fará uso do aseo para docentes da planta baixa e superior.

### Recreos:

Os horarios de recreo manteranse para todos os niveis: de 11:00 a 11:30.

Ningún alumno/a así como docente comerá nin beberá no patio: a merenda da mañá deberá tomarse na aula coas medidas de hixiene de mans, distancia e desinfección de superficies.

O alumnado de 4 anos será o primeiro en baixar ao patio pola súa porta, para dirixirse á parte baixa do patio, onde poderá xogar como grupo estable co castelo fixo e o tobogán de barco.

A continuación sairá o alumnado de 5 anos, que utilizará a parte alta do patio, co tobogán grande e a casa de troncos.

Por último sairá o alumnado de 3 anos, que se emprazará na parte media do patio, co tobogán pequeno, a casiña e o castelo.

As tres zonas quedarán delimitadas por picas con cordas e pola colocación dalgúns dos xogos, de tal xeito que o alumnado de distintas aulas non coincida entre eles.

De regreso ás clases, o alumnado de 5 anos será o primeiro en volver, seguido do de 3 anos. O alumnado de 4 anos volverá polas escaleiras situadas preto do ximnasio.

Se as condicións meteorolóxicas non permiten saír, o alumnado quedará na súa clase. Unha das aulas, que poderá ser rotatoria segundo criterio das titoras, poderá baixar ao ximnasio.





Se ao longo do curso as titoras deciden alternar algún espazo de recreo, poderán intercambiarse en días alternos as zonas asignadas entre GEC co obxecto de que todos eles poidan gozar de diversos espazos, sempre e cando cambien segundo procedan as saídas e entradas para que non coincidan os grupos nos desprazamentos. O alumnado sairá ao patio coa máscara.

### Comedor:

O alumnado manterase próximo nas mesas para as comidas segundo os grupos colaborativos feitos na clase dentro do seu GEC. O alumnado de distintos GEC estarán separados a 1,5 metros. Haberá hixiene de mans antes e despois da comida. Seguirase o protocolo aprobado para o uso de comedor nestas circunstancias e para as actividades que haxa despois.

## 2. ACTUACIONES DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

Créase o Equipo COVID, que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as función recollidas no Plan Adaptación á situación COVID 19 no curso 2020-2021.

Determinase o espazo de illamento COVID: aquelas persoas nas que se detecten síntomas serán illadas no despacho a carón da dirección, mentres se xestiona o seu traslado. O alumnado estará acompañado por un dos docentes que imparta docencia a dito alumno/a. Abrirase a ventá deste espazo mentres a persoa está nese lugar, que contará con:

- Máscaras cirúrxicas para ambos.
- Cubo para o lixo con pedal, tapa e bolsa de plástico. Solución hidroalcohólica.
- Panos individuais desbotables.

Este despacho é seleccionado por ter menor uso que outros espazos do centro, a actividade diaria pode realizarse con total normalidade sen o seu uso, ten ventilación e está ao lado da secretaría onde se atopan os teléfonos do centro.

No caso de ser necesario illar a unha persoa, o equipo COVID 19 avisará ao persoal de limpeza para que extreme as medidas preventivas e de desinfección.

Antes da súa desinfección sinalizárase a prohibición do paso a ese espazo mediante un cartel visible a todo o persoal do centro e deixárase con ventilación constante.





### MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL RECOLLIDAS NO PLAN DE ADAPTACIÓN.

Os titores e titoras serán as responsables de dar a coñecer as actuacións do Plan de forma adaptada á idade do alumnado. O primeiro día explicárase en profundidade e durante as primeiras semanas do curso traballarán co seu grupo na adquisición destas rutinas:

- Colocación, gardado e retirada correcta da máscara.
- Evitar tocarse ollos, nariz e boca.
- Hixiene de mans (seguindo as instrucións que hai en todos os aseos).
- Tapar a boca cun pano desbotable ao tusir ou esbirrar que se desbotará nun cubo do lixo con tapa. Se non é posible tusir contra a flexura do cóbado. E incidir na limpeza de mans posterior.
- Manter a distancia física.
- Non compartir o material propio.

En canto ao uso de material de uso compartido (fotocopiadora, ordenadores, encuadernadora, guillotina, plastificadora, microondas, cafeteira), **cada usuario/a** desinfectará despois do seu uso con desinfectante de superficies e usará xel hidroalcohólico de mans para o seu manexo.

Como o alumnado é moi cativo para desinfectar a súa cadeira e mesa e non habería garantía da súa correcta hixiene, será o persoal de limpeza, conserxe ou a mestra no seu defecto, a que se encargue de facelo cando se determine.

O profesorado desinfectará o ordenador, teclado, mando a distancia, mesa e cadeira da aula que use unha vez rematada a clase para deixalo listo para o seguinte profesor/a. E usará xel hidroalcohólico de mans para o seu manexo.

Sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan as xanelas estarán abertas o maior tempo posible.

Cada aula contará cunha folla rexistro na que ir anotando as ventilacións realizadas ao longo da xornada que irá asinada polo profesorado responsable do grupo en cada momento.

Cada aula correspondente a cada un dos grupos, a sala de profesores/as, orientación, aula de AL, biblioteca, ximnasio, porta central de entrada e dirección contará con:

Papeleira de bolsa con tapa accionada por pedal para os panos desbotables do secado de mans ou para o cumprimento de “etiqueta respiratoria”.

No contenedor destinado á fracción resto serán depositadas máscaras, luvas de látex,  
...



A principio de curso entregárase a cada titor/a ou ao profesorado responsable de cada aula un dispensador con xel hidroalcohólico, panos desbotables e un pulverizador con desinfectante de superficies. Distribuírse tamén en cada aula unha colector de lixo con tapa accionado por pedal.

Semanalmente a coordinadora do equipo COVID 19 revisará a dispoñibilidade deste material en cada espazo e repoñerá o material necesario.

### MEDIDAS XERAIS DE LIMPEZA E HIXIENE NO CENTRO RECOLLIDAS NO PLAN DE ADAPTACIÓN.

O persoal de limpeza encargase unha vez finalizada a xornada escolar de limpar os espazos do centro e diariamente deberá centrarse:

Nas mesas do alumnado e do profesorado en todas as aulas dos grupos incluíndo AL, e biblioteca.

Orientación, no caso de detectarse un posible caso de COVID, xa que é a zona de illamento. Haberá que ter presente que a bolsa de lixo cos residuos, deberá ser pechada e depositada dentro doutra bolsa con peche para ser depositada na fracción resto.

Dirección e titoría (teléfono, mesa co ordenador e mesa de traballo), Sala de profesores/as (mesas dos ordenadores e mesa grupal), pasamáns e pomos das portas.

Mesas colocadas como barreira fronte á titoría. Baños (billas e cisternas) tres veces ao día.

En todo caso prestarase especial atención ás papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos.

No caso do comedor, ao tratarse de xestión indirecta, será a cociñeira a encargada de desinfectar mesas, electrodomésticos usados para cociñar, enxoval (a alta temperatura no lavalouzas) e cadeiras.

Haberá limpeza xeral do centro pola tarde con desinfección a fondo de todo o centro, sen esquecer elementos do patio, comedor ou entrada, e unha persoa de limpeza de 11:00 a 13:00 horas. Entre as 8:45 horas e ata a saída do alumnado haberá un conserxe, polo menos mentres non estea a persoa de limpeza.

O conserxe aireará as aulas antes da entrada ás mesmas se a temperatura o permite.

A persoa de limpeza en horario lectivo fará a partires das 11:00 a limpeza dos aseos de alumnado e profesorado mentres dure o recreo e aireará as aulas. Rematado isto, procederá á limpeza dos aseos do ximnasio e do material do mesmo se foi utilizado como espazo de recreo pola choiva. Os luns e xoves aireará a aula de inglés ás 11:30. Ás 12:30 estes días aireará a aula mentres desinfecta as mesas e cadeiras empregadas polo alumnado. O venres, entre o horario de préstamo na biblioteca, aireará a mesma e desinfectará as mesas e cadeiras empregadas.







Durante o tempo que estea, e de ser preciso e a petición da mestra de aula, fará a limpeza que fose precisa por cambio de aula.

No horario que estime, antes das 13:00 horas, fará unha segunda limpeza dos aseos.

Esta persoa e o conserxe poderán facer, segundo necesidade, a limpeza básica de elementos como pomos, pasamáns, mesas, teclados ou calquera elemento que o precise por ser de uso frecuente ou común.

### OUTRAS MEDIDAS

Registro e inventariado e protocolo de compra e difusión do material de protección recollidas no Plan de Adaptación.

Xestión de abrochos: recollida no Plan de Continxencia.

Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor, segundo o recollido no Plan de Adaptación COVID 19, e sinalarse a entrada ao centro.

### **3. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.**

O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na COVID 19 para facilitar a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial. Pola idade do alumnado no se empregarán as aulas virtuais, aínda que as titoras terán posibilidade de acceder a elas.

A maior parte do profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar procedementos para o ensino virtual.

En calquera caso, a coordinadora do equipo TIC'S con axuda do seu equipo terá en disposición de poder usar a aula virtual se recibimos a formación para iso. O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TIC'S.



Pola idade do alumnado non se pode garantir que o mesmo teña competencias dixitais durante as dúas primeiras semanas do curso (nin despois), co que tratarase neste tempo de asegurarse de que as familias saben empregar os procedementos que se empregarán por cada aula no caso de ensino a distancia.

### Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Debido a situación excepcional que supón para todas e todos a crise do Covid-19, é fundamental que como docentes dende a aula fomentemos a atención a distintos aspectos, especialmente aos emocionais e sociais, como a necesidade de distanciamento social ou a expresión de sentimentos e emocións utilizando outras vías que non sexan o contacto físico.

Para isto, deseñaranse unha serie de actividades, dinámicas e rutinas que se desenvolverán durante todo o curso pero que cobrarán especial importancia durante os primeiros días de colexio, xa que este é o momento de coñecerlas e aprendelas. É fundamental que cada docente adapte estas dinámicas a idade e circunstancias individuais de cada suxeito.

De esta maneira, será moi útil realizar unha asemblea inicial na que se reflexionarán sobre os cambios na vida, na escola... falarase sobre o virus, as medidas de seguridade, a distancia social, sempre adaptando a linguaxe a idade correspondente.

Tamén é fundamental planificar actividades que ensinen aos nenos e nenas a socializar gardando a distancia de seguridade e a transmitir emocións sen poder mostrar parte das súas facianas. Insistirase na xestión e resolución pacífica de conflitos, terase especial atención con aqueles que poidan xurdir con motivo da COVID 19 (invasión de espazos, tocar materiais doutras persoas, mantemento das medidas hixiénicas...) Ademais, traballarase aspectos novos sobre como interaccionar, saudarse, despedirse... buscando alternativas ás apertas, os bicos...

Para traballar as emocións podemos utilizar contos como *Las emociones de Nacho*, *El Monstruo de Colores* o *Así es mi corazón*. Será moi útil recoñecer emocións e facianas en diferentes imaxes, transmitir sentimentos ante diferentes situacións hipotéticas ("Como te sentirías se..."), explicar situacións nas que sentiran diferentes emocións traballadas... Un recurso interesante para desenvolver este aspecto é a mímica, xa que permite substituír as accións que implican contacto por xestos. Así, ao longo da mañá, procuraranse realizar xogos de mímica como "Adiviña a acción" ou "Quen son?"





Tamén se fomentará a educación para a igualdade tendo presente o que supuxo o confinamento neste eido, utilizando recursos igualitarios como contos, xoguetes... Deberase desenvolver o respecto cara o resto de compañeiras e compañeiros, aos seus materiais e espazos será un traballo cotiá no centro.

Igualmente, se o tempo e as circunstancias o permiten, planificarase un proxecto relacionado co coidado da saúde, con actividades relacionadas non só coa prevención das diferentes enfermidades ou coñecemento das medidas de seguridade, senón tamén cos aspectos sociais ou emocionais que gardan relación: evitar a discriminación, concienciar da importancia das medidas de seguridade...